

RESOLUCIÓN DA XERENCIA DA AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE SOBRE A CONTRATACIÓN DO XESTOR DE INVESTIGACIÓN NO MARCO DO PROXECTO 0227_CODIGOMAIIS_1_E - PROGRAMA DE COOPERACIÓN INTERREG V-A ESPAÑA – PORTUGAL (POCTEP) 2014-2020

ANTECEDENTES:

A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), creada polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, conta dentro dos seus obxectivos estratéxicos, co de xestionar e coordinar proxectos e programas de investigación en materia sanitaria desenvolvidos pola Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Súde e outras institucións.

A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) en colaboración co Servizo Galego de Saúde e coa Consellería de Sanidade, coordina o proxecto CODIGOMAIIS, enmarcado no programa Interreg-V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020, aprobado pola Comisión Europea na súa Decisión C (2015) 893, do 12 de febreiro de 2015, para o fomento da cooperación no espazo transfronteirizo entre ambos países.

Conforme ao disposto no artigo 14 da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma e no Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos (DOG nº 157, do 19 de agosto), ACIS publicou Resolución do 20 de decembro de 2017 (DOG nº 9, 12.1.2018) pola que se convocou proceso selectivo para a provisión mediante contrato laboral temporal de tres prazas de titulado/a superior de xestor de proxecto para a Unidade de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria. Todo elo co fin de contribuír ao desenvolvemento das actividades previstas no marco do citado proxecto.

O proceso selectivo foi publicado para a contratación dos seguintes tres efectivos: xestor/a de proxecto de innovación, xestor/a de proxecto de investigación e xestor/a de comunicación, tratándose de persoal laboral temporal (grupo I, categoría 4) con unha das titulacións de grao (ou licenciado).



1. Que a praza relativa ao posto de xestor/a de proxecto de investigación non ten asignadas actividades xerais de xestión do proxecto, centrándose unicamente na execución das actividades descritas para a Actividade 2 relativa á “Valorización de proxectos de I+D e promoción de proxectos ancla no Ecosistema”, tal e como se describe na páxina 35 e 36 do formulario de candidatura e que foron enumeradas nas bases de contratación do proceso selectivo:
 - a) Xestión e coordinación das actividades de investigación.
 - b) Coordinación das tarefas de dinamización da I+D+i en colaboración cos diferentes socios.
 - c) Apoio na identificación de proxectos de I+D+i no ámbito sanitario con potencial para chegar ao mercado e definir rutas de valoración detalladas.
 - d) Apoio na elaboración dos itinerarios de valoración e aliñamento ao mercado dos proxectos seleccionados.
 - e) Apoio na elaboración dos orzamentos, definición de obxectivos, identificación de provedores tecnolóxicos ou colaboradores, etc. para cada un dos proxectos de I+D+i identificados.
 - f) Apoio na elaboración do informe de resultados sobre os proxectos participantes no itinerario de valoración.
2. Que a xestión e a coordinación das actividades de investigación están sendo levadas a cabo pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) como entidade socia e coordinadora desta Actividade 2.
3. Que a actividade de coordinación das tarefas de dinamización da I+D+i en colaboración cos diferentes socios e a identificación dos proxectos de I+D+i con potencial para chegar ao mercado así como a definición de rutas de valoración se levaron a cabo dentro da A.2.2 descrita no Formulario de Candidatura aprobada do proxecto CODIGOMAS xa están finalizadas.
4. Que para o itinerario de valoración do proxecto previsto na A.2.2, no que se elaboraran os orzamentos, definición de obxectivos, etc, a Universidade de Santiago



de Compostela asumiu a súa realización e estará listo a finais do presente mes de maio.

5. Que a actividade 2 tal e como se describe no Formulario de Candidatura aprobado xa está moi avanzada e chegando case a súa finalización prevista para o 30 de decembro de 2018.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Desistir, dentro do proceso selectivo convocado para a xestión do proxecto europeo CODIGOMÁIS, da praza de “xestor de proxecto de investigación”, mantendo a convocatoria respecto das prazas de xestor de proxecto de innovación e xestor de comunicación.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2018

Maribel Barros Pena

Xefa de Servizo de Xestión

Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

RESOLVO

Vista a proposta que antecede de desistir, dentro do proceso selectivo convocado para a xestión do proxecto europeo CODIGOMÁIS, da praza de “xestor de proxecto de investigación”, mantendo a convocatoria respecto das prazas de xestor de proxecto de innovación e xestor de comunicación, dou a miña conformidade nos termos expostos.

Contra esta resolución, definitiva en vía administrativa, cabe interpor recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes dende o día seguinte á notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que a dictou de conformidade co establecido nos artigos



123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben formular recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, de conformidade co disposto nos artigos 8, 10 e 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2018

Beatriz Allegue Requeijo

Xerente

Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.



Documento firmado digitalmente por:
Allegue Requeijo, Beatriz: 21/05/2018 13:31
Barros Pena, Maribel: 21/05/2018 13:28
G4G4-BOAH-OFC0-6K15-2690-2262-629